

Pescuda no arquivo: A vida na Galicia do XVIII



04. As casas no século XVIII

Aquí vos deixamos as **solucións** do **cuestionario**:

1- Que é unha **alcoba**?

Dormitorio pequeno e sen ventás, adxacente a outro cuarto.

2 - Que é un **mainel**?

Barra vertical que divide o van das ventás en dúas partes.

3- Que é un **porlón**?

Parte da bisagra en forma de cilindro que vai suxeita á parede ou ao marco e sobre a que xiran as portas, ventás, etc.

4- Que é unha **palmela**?

Parte da bisagra, xeralmente aplanada, que vai na porta ou ventá.

5- Que é unha **pechadura de golpe**?

Mecanismo que ten un seguro que pecha a porta ou a ventá empuxando, de xeito que non se pode abrir sen chave.

6- Que é unha **lacena**?

Oco aberto na parede, con portas e estantes, onde se gardaban as cousas nas cocinas tradicionais.

7- Cantos **pisos** ten a casa?

Planta baixa, dúas plantas e faiado.

8- Enumera tres **estancias** do edificio

Portal, cociña, faiado, alcoba, cuarto...

9- En que andar se coloca a **cociña**?

No segundo andar.

10- Que **material** prefiren para o **solo** do **portal**?

Pizarra.

11- Que **técnica** usan para **dividir** os **cuartos**?

División "de pandero", é dicir, parede de ladrillos de canto.

12- Que **madeiras** utilizan na construción?

De castiñeiro e de álamo.

Esperamos que teñades desfrutado este pequeno achegamento ás **construcións** do século XVIII.

Propoñémosvos facer unha **comparativa** cos edificios actuais ou **analizar** os posibles **trazos** que recoñecesdes na descrición das obras antigas e que aínda **perduran** nos edificios que coñezades.

Podedes **enviarnos** os vosos **comentarios** a través do **endereço electrónico** ou do **Facebook** do arquivo.

A continuación deixámosvos un pequeno **apuntamento histórico**.

No mes de **novembro**, adicaremos a **próxima** entrega ao **enxoval**.

04. As casas no século XVIII

AS CASAS DO CAMPO

A meirande parte das vivendas **labregas** eran **terreas**: de planta baixa e polo xeral rectangular, **pequenas** e de gran **sinxeleza** construtiva. (1)

O **núcleo** principal era a **casa do lume**, con cociña e un cuarto (2), á que acompañaban outras construcións como **celeiro**, **chope**, **casa da leña** ou **cortes**.

Adoitaban ser de **pedra** e cuberta de **colmo** [palla de centeo], **tella** ou **lousa**, dependendo da área xeográfica. Na **montaña lucense** predominaban as **pallozas**, dun único nivel, forma **elíptica** e cuberta de **palla**. (1)

Eran **precarias**, pouco confortables, sen cheminea, con escasas divisións internas e **pouca intimidade** para os seus habitantes, que **convivían** cos **animais**.

Na **segunda metade** do XVIII constátanse **melloras** como a construción de **cuartos** novos e de altos, nun lento proceso cara a unha maior **intimidade** e **confort**. (1)



Debuxo da casa e anexos que fundou
Lorenzo Antonio Villar y Santiso

Colección cartográfica e iconográfica
Data: 1803. Vilaboa
Signatura: 412 [RA 36]

Castroverde:
Cellán de Mosteiro
Casa, hórreo e eira
Colección de fotografías
Data: ca. 1930-1940
Signatura: 4422



04. As casas no século XVIII

AS CASAS DO CAMPO

As casas dun **alto** revelan unha mellor posición económica (**fidalgos, párrocos ou labregos podentes**). Tiñan as **cortes** no baixo, a vivenda no **sobrado** e o seu espazo era maior. (3)

Os **pazos e pousas** da **fidalgúa**, xunto con algunhas casas **reitorais**, marcaban a **paisaxe** e servían como **referencia social**. (3)

A maioría da **fidalgúa rural** vivía en **pousas** ou modestas **casas de labranza**. Outra parte residía en **casas-torre**, de trazas **medievais**, reformadas. No século XVIII moitas pousas transformáronse en **pazos**. (4)

Naquel tempo **construíronse** os pazos máis **suntuosos** de Galicia, á par que se **reformaron** outros xa existentes. (4) Transmitían **preeminencia social**: os seus muros, brasóns, escalinatas, grandes chemineas, balaustradas, esculturas, fontes e xardíns, pombais e capelas, e as súas **estancias** amplas e **especializadas**, sinalaban a **distancia** co resto da **sociedade**. (4)

O **pazo de Oca** tiña unhas **25** dependencias, entre elas unha peza de **arquivo**, cuarto da **repostería**, dúas despensas, dúas coziñas (alta e baixa) e unha **biblioteca** de 300 títulos. (5)



A Pobra do Caramiñal:
Pazo de Torre Xunqueira

Colección de fotografías
Data: ca. 198-?
Signatura: 21-p

A Estrada: Xardíns do
pazo de Oca. A ponte

Colección de fotografías
Data: ca. 193-?
Signatura: 699-p



04. As casas no século XVIII

AS CASAS DA CIDADE

A mediados do século XVIII, a **nobreza**, a **fidalgúa** e a **burguesía** de **Santiago** vivía en casas de **dous altos**, **recargadas** e **ostentosas**. As da **clase media** moitas veces tiñan **tenda** no **baixo** e un alto para vivir.

O **artesanado**, o **campesiñado urbano** e o resto das familias residían polo xeral en casas terreas **arrendadas**.


Foi na **Coruña** onde se despregou un **modelo urbano** diferente, marcado polo referente “**cortesán**” do **palacio** do **gobernador** capitán xeneral e a sede da **Intendencia** na Veeduría; e pola nova **burguesía mercantil** enriquecida co **comercio americano**, que construíu grandes casas para deixar **constancia** do seu **éxito**.(3)

Dous exemplos son as casas de **Benito Agar** e **José Frausk** nos números 1 e 27 da **rúa Real**.

En xeral, na cidade coruñesa da **segunda metade** do XVIII os **espazos** das casas **ampliáronse**, **dividíronse** e **especializáronse**, en consonancia co **aumento** dos **enxovais** no interior e cos **cambios urbanísticos** da cidade. (3)



Planos da casa que José Frausk quiere construír na rúa Real da Coruña
Colección cartográfica e iconográfica
Data: 1797
Signaturas: R.1075/1 e R.1075/4



04. As casas no século XVIII

BIBLIOGRAFÍA

(1) Sobrado Correa, H. (2016). Algunas notas acerca de la vida cotidiana del campesinado gallego en la Edad Moderna. *Revista portuguesa de História*, XLVII, 129-152.

https://doi.org/10.14195/0870-4147_47_7

(2) Rozados, Á. (1991). Aproximación al estudio de la vivienda rural en la Galicia de los siglos XVII-XVIII. Pedralbes: *Revista d'història moderna*, (11), 109-118.

<https://raco.cat/index.php/Pedralbes/article/view/100915>

(3) Rey Castelao, O. (2015). Casas y cosas en la Galicia occidental en el siglo XVIII. *Cuadernos de Historia Moderna, Anejo XIV*, 211-233.

https://doi.org/10.5209/rev_CHMO.2015.51187

(4) Sobrado Correa, H. (2009). Las condiciones materiales de vida en el mundo rural gallego del siglo XVIII. En M. R. García Hurtado (Ed.), *La vida cotidiana en la España del siglo XVIII* (pp. 181-205). Sílex.

(5) Saavedra, P. (2003). La vida en los pazos gallegos: entre la literatura y la historia. Pedralbes: *Revista d'història moderna*, 23 (1), 285-316.

<https://raco.cat/index.php/Pedralbes/article/view/101728/166034>

Arquivo do Reino de Galicia

Elaboración **Dulce Villares Cuba**

Textos **Dulce Villares Cuba e Pilar Encinar Romero**

Deseño gráfico **Noelia Castro García**

Colaboracións **Noelia Castro García Pilar Encinar Romero**

Gloria García López Susana Quiroga Barro

Dixitalización **Elisa Valcarce García**

Coordinación **Gabriel Quiroga Barro**

Dirección **M^a Carmen Prieto Ramos**